



BOP

JUEVES, 9 DE MARZO DE 2017

Nº 056

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 2 de marzo de 2017, sobre dedicación exclusiva da deputada provincial dona María del Pilar García Porto, segundo se recolle literalmente:

“Visto o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de marzo de 2017, referido á aprobación da proposta de modificación do acordo sobre réxime de retribucións e indemnizacións aos membros da Corporación.

Resultando que dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión dunha dedicación exclusiva á Deputada delegada da Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación.

Resultando que por Resolución desta Presidencia de data 23 de febreiro de 2017, noméase a D^a. M^a. del Pilar García Porto como Deputada Delegada da Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación.

*Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, art. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 225 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Socialista, **RESOLVE:***

Que a Deputada Provincial D^a. M^a. del Pilar García Porto, Delegada da Subárea de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Artesanía e Deseño e Educación, pase a desempeñar o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva coa retribución anual que foi acordada no Pleno extraordinario de 4 de novembro de 2015, engadido o incremento automático anual.

A dedicación exclusiva anteriormente sinalada terá efectos do día dous de marzo de dous mil dezasete, previa aceptación de dito réxime mediante sinatura da acta de comparecencia.

Os interesados deberán cumprir, no seu caso, as obrigas que lle puideran corresponder en cumprimento do disposto no R.D. Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social.

Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre; e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.”

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a tres de marzo de dous mil dezasete. **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde.- **O SECRETARIO**, Manuel Castiñeira Castiñeira.

R. 0607

CONCELLOS

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 27 de febreiro de 2017, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao terceiro bimestre do ano 2016.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 27 de febreiro de 2017 ata o 27 de abril de 2017. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 27 de febreiro de 2017.- O Alcalde, Jesús Carreira Ferreiro.

R. 0608

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 15 de febreiro de 2016, aprobou a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE COMIDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LUGO (EXPTE. REF.7-2017)

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
- c) **Obtención de documentación e información:**
 1. **Dependencia:** Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento
 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
 3. **Localidade e C.P:** Lugo, 27002
 4. **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
 5. **Telefax:** (982) 29-72-59.
 6. **Correo electrónico:** contratacion@concellodelugo.org
 7. **Dirección internet:** www.lugo.gal (Perfil do contratante)
 8. **Data límite de obtención de información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.
- d) **Número de expediente:** 7-2017

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Tipo de contrato:** servizos
- b) **Descrición:** É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de comida no fogar segundo o disposto no prego de prescricións técnicas elaborado polos Servizos Sociais do Concello de Lugo.
- c) **División por lotes:** Non
- d) **Lugar de execución/entrega:** domicilios dos usuarios do servizo de xantar no fogar
- e) **Prazo de duración/ Prazo de execución:** A duración do contrato será de DOUS ANOS contado a partires da data da súa formalización
- f) **f) Admisión de prórroga:** Si, poderá ser obxecto de prórroga por períodos máximos anuais sen que a duración total incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS
- g) **Establecemento de acordo marco:** Non
- h) **CPV 2008:** 55300000-3 Servizos de restaurante e de subministro de comidas

3.- Tramitación e procedemento:

- a) **Tramitación:** ordinario
- b) **Procedemento:** aberto
- c) **Criterios de adxudicación:**
 - 1. oferta económica (ata 40 puntos)
 - 2. melloras: maior frecuencia de reparto ós usuarios (ata 10 puntos)

4.- Valor estimado do contrato: 484.444,80 euros

5.- Orzamento base de licitación (primeira anualidade)

O prezo para a primeira anualidade calcúlase sobre o prezo/menú, esto é, 5,67 euros máis o IVE (4%) - 0,23 euros, resultando un total de **5,90 euros/menú**

O número de menús estimados para unha anualidade ascende a 21.360 menús polo que o presuposto do contrato para o primeiro ano é de 126.024 euros IVE incluído (4%)

6.- Garantías:

- a) **Provisional:** NON procede
- b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

7.- Requisitos específicos do contratista

- a) **Solvencia:** A sinalada na **cláusula sexta** do prego de cláusulas administrativas
- b) **Clasificación:** Pode substituír a solvencia pola clasificación no Grupo M, subgrupo 6, categoría 1 (anteriormente a)
- c) **Outros requisitos:** ver **cláusula quinta** do prego administrativo por si tivera outros requisitos de habilitación

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:

- a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise inhábil prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) **Modalidade de presentación:** formato papel.
- c) **Lugar de presentación:**
 - 1. **Dependencia:** Concello de Lugo nas Oficina do Rexistro ou enviadas por correo postal.
 - 2. **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197
 - 3. **Localidade e C.P.:** Lugo, 27002
- d) **Admisión de variantes:** Non
- e) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta:** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)
- c) **Localidade:** Lugo
- d) **Data e hora:** O terceiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de proposicións ás 13:30 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante.

10.- Gastos dos anuncios: 84,24 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

11.- Outras informacións: As que se recollen no prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

12.- Obrigas contractuais esenciais. Este contrato ten condicións esenciais e especiais de execución establecidas nas cláusulas décimo quinta e décimo sétima configuradas como obrigas contractuais esenciais.

Lugo, 2 de marzo de 2017.- TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0609

MEIRA
Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017 o Padrón de Vados e entrada por beirarrúas correspondente ao ano 2017.

Por medio do presente faise público que durante o prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ó da inserción do presente edicto no B.O. da Provincia de Lugo, queda de manifesto na Secretaría deste Concello ao

obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1684/1990, de 20 de decembro, na súa modificación dada polo Real Decreto 448/1995, de 24 de marzo, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario ata o 31 de maio de 2017.

A presente publicación, nos dous supostos (edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, en fase voluntaria) surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ó amparo do establecido no citado artigo 124 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorridos os prazos anteriores, as cotas non pagadas, esixíranse pola vía de constrinximento, cos correspondentes recargos que fixa o regulamento de recadación sendo remitidas á Excma. Deputación Provincial de Lugo para o seu cobro por vía de constrinximento, de conformidade co convenio suscrito para tal efecto con este Concello.

Meira, 1 de marzo de 2017.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 0610

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (UN OFICIAL DE 2ª - ALBANEL E DOUS PEÓNS) DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO Ó ABEIRO DO CONVENIO DE CALABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO Ó ABEIRO DO PROGAMA "DEPUEMPREGO".

POSTO DE TRABALLO: Un Oficial de 2ª - Albanel e dous peóns

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello de Pedrafita do Cebreiro e publicadas na páxina web do Concello.

En Pedrafita do Cebreiro, a 23 de Febreiro de 2017.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 0611

POL

Anuncio

Pola presente, faise público a seguinte resolución da Alcaldía,

"DECRETO.- EN POL A 20 DE FEBREIRO DE 2017

Visto o resumo do Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao período comprendido entre o 11/2015 ao 03/2016 que ascende á cantidade de 25.762,39 euros.

RESOLVO:

Primero.- Aprobar o padrón da taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao período comprendido entre o 11/2015 ao 03/2016, por importe de 25.762,39 €.

Segundo.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación.

Terceiro.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 20-02-2017 ao 20-04-2017 para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que se efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Ordénao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Secretario-Interventor certifico."

En Pol a 1 de marzo de 2017.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 0612

QUIROGA

Anuncio

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 29.12.2016, aprobou o orzamento xeral para o exercicio 2017, xunto co cadro de persoal para dito exercicio. O acordo foi sometido a exposición pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo num. 5 de data 07.01.2017.

Ao non presentarse reclamacións durante o período de exposición pública, enténdese definitivamente aprobado. En cumprimento do disposto no punto 3 do artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público o resume por capítulos, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE INGRESOS	
Económica	Importe Euros
Capítulo 1. Impostos Directos	1.295.000,00
Capítulo 2. Impostos Indirectos	10.000,00
Capítulo 3. Taxas e outros ingresos	496.000,00
Capítulo 4. Transferencias Correntes	1.463.000,00
Capítulo 5. Ingresos patrimoniais	13.000,00
Total Ingresos correntes	3.277.000,00
Capítulo 7. Transferencias de Capital	157.000,00
Capítulo 9. Pasivos Financeiros	0,00
Total Ingresos de capital	157.000,00
Orzamento de Ingresos 2016	3.434.000,00

ESTADO DE GASTOS	
Clasificación Económica	Importe Euros
Capítulo 1. Gastos de persoal	1.568.000,00
Capítulo 2. Compra de bens correntes e servizos	1.232.000,00
Capítulo 3. Gastos financeiros	58.000,00
Capítulo 4. Transferencias correntes	150.000,00
Capítulo 5. Fondo de continxencia	10.000,00
Total Gastos correntes	3.018.000,00
Capítulo 6. Investimentos reais	271.000,00
Capítulo 7. Transferencias de capital	20.000,00
Capítulo 9. Pasivos financeiros	125.000,00
Total Gastos de Capital	416.000,00
Orzamento de Gastos 2014	3.434.000,00

Do mesmo xeito faise público o cadro de persoal, co seguinte detalle:

ANEXO DE PERSOAL I - Persoal funcionario						
Denominación	Escala	Subescala	Categoría	Grupo	Nivel	Situación
Secretaría	Hab. Nacional	Secretaría-Intervención	Terceira	A1/A2	26	Propiedade
Administrativo Admón. Xeral	Admón. Xeral	Administrativa.		C1	22	Propiedade
Administrativo Admón. Xeral	Admón. Xeral	Administrativa		C1	22	Propiedade
Administrativo Admón. Xeral	Admón. Xeral	Administrativa		C1	22	Propiedade
Secretaría Dirección	Admón. Xeral	Administrativa		C1	22	Propiedade
Policía Mpal.	Admón. Especial	Servizo Especial	Garda	C1	22	Propiedade
Policía Mpal.	Admón. Especial	Servizo Especial	Garda	C1	22	Propiedade
Administrativo Admón. Xeral	Admón. Especial	Administrativa		C1	22	Propiedade
Director Museo	Admón. Especial	Técnica	Téc.Superior	A1	24	Propiedade
Enx. Técnico Agrícola	Admón. Especial	Técnica	Téc. Medio	A2	24	Propiedade
Traballadora Social	Admón. Especial	Servizos	Téc. Medio	A2	24	Propiedade
Dirección Casa Cultura	Admón. Especial	Técnica	Téc. Medio	A2	24	Propiedade
Subalerno	Admón. Especial	Servizos	Subalterna	E	13	Propiedade
Subalerno	Admón. Especial	Servizos	Subalterna	E	13	Vacante (*)
Peón de limpeza	Admón. Especial	Servizos	Subalterna	E	13	Propiedade

ANEXO DE PERSOAL II - Persoal laboral fixo			
Emprego	Postos	Tipo de xornada	Grupo asimilación
Técnico actividades deportivas	1	Xornada completa	C1
Subalternos - Conserxe Casa da Cultura (*)	1	Xornada completa	E
Encargado Servizo de Augas	1	Xornada completa	E
Peón Servizo de Augas	1	Xornada completa	E

(*) Praza ocupada por persoal laboral fixo, en proceso de funcionarización.

ANEXO DE PERSOAL III - Persoal laboral temporal			
Emprego	Postos	Tipo de xornada	Duración estimada
Orientación laboral	1	Xornada completa	12 meses
Arquitecta Técnica	1	Xornada completa	12 meses
Electricista concello	1	Xornada completa	12 meses
Limpadora concello	1	Xornada completa	12 meses
Limpadora polideportivo	1	Media xornada	12 meses
Servizos administrativos	2	Xornada completa	12 meses
Auxiliar Admtva. A.R.I.	1	Xornada completa	12 meses
Conserxe Colexio	1	Media xornada	9 meses
Operador de cámara	1	Xornada completa	12 meses
Operador de cámara	1	Xornada completa	12 meses
Operador de cámara	1	Media xornada	12 meses
Técnico Medio Ambiente	1	Xornada completa	12 meses
Xardineiro	1	Xornada completa	12 meses
Limpeza colexio	1	Xornada completa	12 meses

Grupo Emerxencia Supramunicipal	6	Xornada completa	12 meses
Camareira - limpadora C. Social 3ª idade	3	Xornada completa	12 meses
Educadora familiar	1	Xornada completa	12 meses
Psicóloga CIM	1	Media xornada	12 meses
Avogada CIM	1	Xornada completa	12 meses

Quiroga, a 27.02.2017.- O Alcalde, Julio Álvarez Núñez

R. 0613

SARRIA

Anuncio

DECRETO Nº 100/2017 DA SRA. ALCALDESA

Dª MARÍA DEL PILAR LÓPEZ YÁÑEZ // En Sarria, o vinte sete de febreiro de 2017.

Do día 28 de febreiro ao día tres de marzo de 2017, ámbolos dous inclusive, estarei fóra do municipio con motivo dunha viaxe de carácter privada.

En base ao disposto polos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 44 e 47 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro; e a atribución que me confire o artigo 21.1 a) e r) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

RESOLVO:

1º.- Delegar as funcións e as atribucións propias da alcaldía no primeiro tenente de alcalde, **D. Efrén Castro Caloto**.

2º.- Durante este período de substitución, a referida persoa exercerá as funcións e atribucións delegadas a título de alcalde en funcións.

3º.- No suposto de que esta alcaldía se reincorpore ás súas funcións antes de que transcorra o período de delegación expresado neste decreto, a delegación quedará automaticamente revogada.

4º.- Notificar esta resolución ao interesado e publicala así mesmo no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- Dar conta do presente decreto ao pleno do concello na primeira sesión que celebre.-

Así o mandou e asina a Sra. alcaldesa, de que certifico.

R. 0614

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 24 de febreiro de 2017, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro de 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa

publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 24 de febreiro do 2017.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0615

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA

EXPEDIENTE : V/27/01041, A/27/26199
PETICIONARIO : Ayuntamiento de Guitiriz

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Centro de Interpretación en Os Vilares
LOCALIDAD : O Vilariño, Os Vilares (San Vicenzo)
TÉR.M. MUNICIPAL : Guitiriz
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Porto de Lea/Porto de Lea

Las obras cuya autorización se solicita consistirán en la rehabilitación, en la margen izquierda del Rego do Porto Lea, de una edificación para centro de interpretación, en la parcela 56 del polígono 172, en el lugar de O Vilariño, parroquia de Os Vilares, término municipal de Guitiriz.

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Centro de Interpretación en Os Vilares" - "Ayuntamiento de Guitiriz", con un volumen máximo anual de 584,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa-filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Guitiriz o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda da Muralla, 131, 2º, donde estarán de manifiesto los expedientes.

EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0616

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/26588**

María Edalia Barreira Vidal, con domicilio en Basilias, 13- Labrada, 27737 - Abadín (Lugo), solicita la concesión de un caudal de 0,055 l/s de agua procedente de un pozo, sito en la parcela 792 del polígono 327, en el lugar de As Basilias, parroquia de Labrada, T.M. de Abadín (Lugo) para usos ganaderos.

La captación se realiza en un pozo artesano de 7 m de profundidad y 100 mm de diámetro del que parte tubería hasta el abrevadero y posteriormente hasta el establo a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Abadín , o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 24 de febrero de 2017.- EL JEFE DE SERVICIO, Manuel Rodríguez López

R. 0617
